

## Kirmen Uribe

### Entrementres dáme a man (escolma)

(Selección e Traducción: Haizea Barcenilla e Arsenio Iglesias Pazos).

Kirmen Uribe (Ondarroa, 1970) Estudou Euskal Filologia na EHU e logo cursou Literatura Comparada en Italia. O seu currículo abarca numerosos campos:

En 1990 publicou a colección *Le Blist* co debuxante Josu Aranbarri, que recollía poemas e cómics realizados entre 1987 e 1990. Compuxo letras para músicos coma Mikel Urdangarin, Piztiak, TTLT, Bide Ertzean ou Sagarroi. Na revista *The Balde* encárgase da sección de literatura, traducindo textos de escritores árabes, aborixes dos Estados Unidos e do sur de África. Tamén traduciu ao euskara poemas de Raymond Carver, Silvia Plath, Anne Sexton, Manuel Rivas e Wisława Szymborska. Canto ao teatro, débesele o guión da obra *Ekidazu. Lehoiek ez dakite bobolina jotzen (Ekidazu. Os leóns non saben tocar o violín)* escenificada polo grupo teatral Kukubiltxo. Tamén foi guionista en varios programas televisivos da ETB. Creou o espectáculo cultural *Bar Puerto* (posteriormente editado en disco) con Mikel Urdangarin e Josu Eizagirre, que xunta poesía, vídeo, música e testemuños de varios personaxes. Ao fío dunha serie de recitais que ofreceu en Nova York, xurdiu o proxecto *Zaharraia, txikiegia again (Vello de máis, pequeno de máis se cadra)*, que foi publicado en formato disco-libro. Escribiu tamén ensaio e gañou dúas veces o premio Becerro de Bengoa, un en 1995 con Jon Elordi polo traballo *Lizardi eta erotismoa (Lizardi e o erotismo)* e o segundo no 2000 con *Zazpi leiho, zazpi saio (Sete ensaios, sete fiestras)*. No referente á literatura infantil e xuvenil, ten publicado varios libros sobre as andanzas no oeste americano do pistoleiro Garmendia. Gañou o premio da crítica española no 2002 por *Bitartean heldu eskutik (Entrementres, dáme a man)*, libro do que se extraen os seguintes poemas e cuxa versión en inglés foi presentada recentemente en Canadá e nos Estados Unidos.

## IBAIA

Garai batean ibaia zen hemen  
baldosak eta bankuak dauden tokian.  
Dozena bat ibai baino gehiago daude hiriaren azpian,  
zaharrenei kasu eginez gero.  
Orain langile auzo bateko plaza besterik ez da.  
Eta hiru makal dira ibaiak hor  
azpian jarraitzen duen seinale bakar.

Denok dugu barruan uhola dakarren ibai estali bat.  
Ez badira beldurrak, damuak dira.  
Ez badira zalantzak, ezinak.

Mendebaldeko haizeak astintzen ditu makalak.  
Nekez egiten du oinez jendeak.  
Laugarren pisuan emakume nagusi bat  
leihotik arropak botatzen ari da :  
alkandora beltza bota du eta gona kuadrodua  
eta zetazko zapi horia eta galtzerdiak  
eta herritik iritis zen neguko hartan  
soinean zeramatzan txarolezko zapata zuribeltzak.  
Hegabera izoztuak ematen zuten bere oinek elurretan.

Haurrak arropen atzetik joan dira arineketan.  
Ezkontzako soinekoa atera du azkenik,  
makal batean pausatu da baldar,  
txori pisuegi bat balitz bezala.

Zarata handi bat entzun da. Izutu egin dira oinezkoak.  
Haizeak errotik atera du makaletako bat.  
Zuhaitzaren erroek emakume nagusi baten eskua dirudite,  
beste esku batek noiz laztanduko zain.

## O RÍO

Noutra época houbo un río aquí  
no lugar onde están as baldosas e os bancos.  
Hai máis dunha ducia de ríos embaixo da cidade,  
se facemos caso aos vellos.  
Agora non é máis que a praza dun barrio obreiro.  
E tres chopos son o único sinal  
de que o río segue aí embaixo.

Todos temos dentro un río enterrado que vén con enchentes.  
Se non son os medos, son os remorsos.  
Se non as dúbidas, son as incapacidades.

O vento do oeste acanea os chopos.  
A xente anda con dificultade.  
No cuarto piso unha anciá  
está tirando roupa pola fiestra:  
tirou unha camisa negra e unha saia de cadros  
e un pano de seda amarelo e calcetíns  
e os zapatos brancos e negros de charón que levaba postos  
aquele día de inverno no que chegou do pobo.  
Os seus pés na neve parecían avefrías conxeladas.

Os nenos saíron correndo atrás da roupa.  
Ao final sacou o seu vestido de voda,  
pousouse torpemente sobre un chopo,  
coma se fose un paxaro pesado de máis.

Sentiuse un grande ruído. Os camiñantes asústanse.  
O vento arrincou de vez un dos chopos.  
As raíces da árbore semellan as mans dunha anciá,  
á espera de que outra man a aloumiñe.

## IRLA

*Horixe da zoriona,  
orduka lan egiten duen behargina*  
ANNE SEXTON

Igandea da hondartzan asmo oneko jendearentzat.  
Hangun harrabots urruna entzuten da irilatik.

Uretara sartu gara biluzik,  
Anemonak, trikuak, barbarinak ikusi ditugu hondoan.  
Begira, haizeak garia bezala murgitzen du urak hondarra.  
Urpera sartu eta azpitik begiratu zaitut.  
Atsegin dut esku eta zangoen mugimendu geldoa,  
Atsegin sabelpeek itsasbelarraren forma hartzean.

Lehorrera igo gara. Bero da eta itzal egiten dute pinuek.  
Gaziak dira zure besoak, gazia bularra, sabela gazia.  
Ilargia itsasoarekin lotzen duen indar berak lotu gaitu geu ere.  
Mendeak segundu bihurtu dira eta segunduak mende.  
Udare zurituak gure gorputzak.

Anemonak, trikuak, barbarinak ikusi ditugu hondoan.  
Igandea da hondartzan asmo oneko jendearentzat.

## A ILLA

*Isto é a felicidade,  
Un traballador por horas.*  
ANNE SEXTON

É domingo na praia para a xente de boa vontade.  
Séntese lonxe o ruído de aló dende a illa.

Entramos espidos á auga,  
Vemos no fondo anémonas, ourizos, barbos.  
Mira, o mar move a area como o vento move o trigo.  
Mergúllome e mírote dende embaixo.  
Gústame o movemento lento de mans e pernas,  
Gústame cando a túa pube colle forma de planta mariña.

Sáímos ao seco. Vai calor e os piñeiros botan sombra.  
Son salgados os teus brazos, salgado o peito, o ventre salgado.  
Xuntounos a mesma forza que xunta a lúa co mar.  
Os séculos convértense en segundos e os segundos en séculos.  
Os nosos corpos son peras peladas.

Vemos no fondo anémonas, ourizos, barbos.  
É domingo na praia para a xente de boa vontade.

## MAITE ZAITUT, EZ

Berrogei urtez labe garaietan lan egin arren,  
Barru-barrutik,  
Baserritarra izaten jarraitzen zuen.

Urrian, etxeko balkoian  
soldagailuarekin  
piper gorriak erretzen zituen.

Denak isilarazten zituen  
haren ahots ozenak.  
Alabak egiten zion soilik aurre.

Ez zuen inoiz maite zaitut esaten.

Tabakoak eta altzairuaren hautsak  
ahots-kordak urratu zizkoiten.  
Mitxoleta bi hostoak galtzen.

Alaba beste hiri batera ezkondu zen.  
Erretiratuak oparia zekarren.  
Ez errubirik, zeta gorririk ezta ere.

Urtetan lantegitik ebatsi zituen piezak.  
Soldagailuarekin  
altzairuzko ohea josi zuen, ezari-ezarian.

Ez zuen inoiz maite zaitut esaten.

Aínda que traballou corenta anos nos Altos Fornos,  
moi dentro,  
seguía sendo un labrego.

En outubro, asaba pementos vermellos  
co soldador  
no balcón da casa.

A súa voz forte  
facía calar a todos.  
Só a filla lle facía fronte.

Nunca dicía quérote.

O tabaco e o po de aceiro  
queimaron as súas cordas vocais.  
Dúas mapoulas que perden pétalos.

A filla casou noutra cidade.  
O xubilado tróuxolle un regalo.  
Non eran rubís, nin tampouco seda vermella.

Durante anos roubara pezas da fábrica.  
Co soldador  
coseu unha cama de aceiro, pouco a pouco.

Nunca dicía quérote.

## GERRAOSTEA

Antzarak igaro dira urrian magal bipiletatik.  
Haurrak konturatu eta korrika doaz atzetik.  
“Ezkontza, ezkontza” egiten dute oihu.  
“Puntako biak ezkongaiak dira”  
esan dio neskatiletako batek ahizpa gazteari,  
“eta hegaletakoak gonbidatuak”.

Antzarak igaro dira urrian magal bipiletatik.  
Korrika doaz haurrak atzetik.  
Adokin buztietan beren oin biluziek  
negu gorria aurreratzen dute.  
“Ezkontza, ezkontza”.



## POSTGUERRA

As ocas pasan en outubro sobre as abas peladas.  
Os nenos decátanse e corren atrás delas.  
“Hai voda, hai voda”, berran.  
“Os dous de diante son os noivos”  
dille unha das nenas á súa irmá pequena,  
“e os dos beiras, os convidados”.

As ocas pasan en outubro sobre as abas peladas.  
Os nenos corren atrás.  
Os seus pés espidos sobre o empedrado  
adiantan un cru inverno.  
“Hai voda, hai voda”

## URRIKO POEMA

Iritsi dira notiziak  
iritzi dira eskutitzak  
baina ez zureak.

Igaro ziren hegazkinak,  
erre zituzten zubi denak,  
isildu bazterrak.

Galdetu diei hegaberei,  
galdetu pago biluziei,  
ez dakite ezer.

## POEMA DE OUTUBRO

Chegan novas  
chegan cartas  
pero non túas.

Pasaron avións,  
queimaron todas as pontes,  
silenciaron os recunchos.

Preguntei ás avefrías,  
ás faias espidas,  
non saben nada.

## GEREZIONDOA

Hil egin da etxeko gereziondoa,  
lorean zegoela leihotik begiratzen genuen hura,  
gogoan al duzu?  
Hain xinglea itsaso handiaren ondoan.

Gereziondoa zuhaitz minbera da.  
Hala esan zuen osabak, badakizu,  
ernanien habiak non zeuden esaten zigun hark.  
Gereziondoak ez du gehienetan  
hogeita bost baino askoz urte gehiago betetzen.

Etxeko zakurra ere hil egin da.  
Tira, al baitariak hil zuen txerto batekin.  
Zoratu egin zen goizetik gauera zakurra.  
Hasieran, ez zuen etxolatik irten nahi.  
Gero ardiak akatzen hasi zen eta etxekoei hozka egiten.

Zu hil eta egun gutxira hil ziren.

## A CERDEIRA

Morreu a cerdeira da casa,  
a que mirabamos dende a fiestra cando botaba flor,  
lembras?,  
Tan fráxil a carón do mar inmenso.

A cerdeira é unha árbore delicada.  
Iso nos dicía o tío, xa sabes,  
o que nos contaba onde tiñan os niños as andoriñas.  
A cerdeira non fai normalmente  
moitos máis de vinte e cinco anos.

Tamén morreu o can da casa.  
Máis ben, matouno o veterinario cunha inxección.  
Toleou da noite para a mañá.  
Primeiro non quería saír da caseta.  
Logo deu en matar ovellas e en trabar nos da casa.

Morreron poucos días despois de morreres ti.

## ZUHAITZEN DENBORA

Zugan da zuhaitzen denbora  
elkar maitatu ondoren.

Ohean lo, betazalek  
soilik estaltzen zaituzte.

Ez jarraitu beldurrari,  
ez esan beti, ez esan inoiz ez,  
utzi libre munduari  
bidea egiten.

Zugan da zuhaitzen denbora  
elkar maitatu ondoren.

Plazer-urak biltzen zaitu  
malkoak begia legez.

Ez jarraitu beldurrari,  
ez esan beti, ez esan inoiz ez,  
utzi libre munduari  
bidea egiten.

Zugan da zuhaitzen denbora  
elkar maitatu ondoren.

## O TEMPO DAS ÁRBORES

O tempo das árbores está en ti  
despois de amarnos.

Durmindo na cama, só  
te cobren as pálpebras.

Non sigas o medo,  
non digas sempre, non digas nunca,  
deixa que o mundo  
faga libre o seu camiño.

O tempo das árbores está en ti  
despois de amarnos.

A auga de placenta arrodéate  
coma a lágrima ao ollo.

Non sigas o medo,  
non digas sempre, non digas nunca,  
deixa que o mundo  
faga libre o seu camiño.

O tempo das árbores está en ti  
despois de amarnos.

## ARIMA GAIZTOAK

Amaren amona hartu dut gogoan.  
Bazuen arima errarien berri.  
Bazekien, goizean suaren hausterrei erreparatuz gero  
gauetz arima gaiztoak ala parte onekoak ibili ziren.

Behin, baltseotik bueltan,  
etxetik kanpo aurkitu zuten amak eta ahizpek.  
Etxera ez sartzeko agindu zien,  
kamisoia soinean eta argizaria eskuan,  
han barruan arima gaiztoren bat zebilelako.

Oheko maindireei erreparatu diet goizean.  
Zure usaina darie eta zure zainetako ur arrastoak dituzte.  
Zure arimaren aztarnak.

Gaiztoa hala parte onekoa zen ez dakit.  
Horregatik, errito zaharrak artoski errepikatuz,  
bart entzun genuen musika jarri dut berriro,  
eta ohera sartu ezari-ezarian.  
Maindireak estutu ditut nire kontra,  
azala laztandu,  
eta gogora ekarri ostera ere, bata bestearen atzetik,  
bart gaueko mugimendu oro.

Izan dut zure arimaren berri.  
Zalantzarik gabe, gaizto horietakoa da.



## MALOS ESPÍRITOS

Lembrei a avoa de miña nai.  
Sabía das almas errantes.  
Sabía, mirando pola mañá as cinzas da cheminea  
se á noite viñeran espíritos bos ou malos.

Unha vez, volvendo do baile,  
miña nai e súas irmás atopárona fóra da casa.  
Mandoulles non entrar dentro,  
en camisón e coa candeia na man,  
porque dentro andaba algún mal espírito.

Fixeime nas sabas á mañá.  
Teñen o teu olor e restos de auga das túas veas.  
Restos do teu espírito.

Non sei se era das boas ou das malas.  
Por iso, repetindo con tino os vellos ritos,  
volvín poñer a música que escoitamos onte,  
e pouco a pouco metinme na cama.  
Apertei as sabas contra min,  
aloumiñando a miña pel,  
e lembrei de novo, un atrás doutro,  
todos os movementos de onte á noite.

Souben da túa alma.  
Sen dúbida, é das malas.

## BIDAZTIA SORTERRIAZ MINTZO DA

*Betiko aberri galduaren  
oroimen urruna. Ez dakigu  
noiz galdu genuen: atzo ala bihar.*  
SOPHIA DE MELLO BREYNER

Gure desertuan ez da harearik.  
Metalezko hesia zeharkatu eta  
autopistan futbolean jolasten duten  
mutil koxkorak badira.

Gure itsasoan ez da urik.  
Mila zaldi urdin ziren uhinak.  
Mila soldadurekin batera  
eraman zituzten behin.

Gure desertuan ez da harearik.  
Baina bada harresi erraldoia,  
ezin ikusi dugun arren, hurretik,  
oso hurretik inguratu gaituena.

Gure itsasoan ez da urik,  
ez eta iraganaren uberarik.  
Etorkizunak hondartzan dautza  
malkoz eta ispilu hautsiez izorra.

Gure desertuan ez da urik.  
Gure itsasoan ez da harearik.

## O VIAXEIRO QUE FALA DA SÚA PATRIA

*A memoria longínqua de una pátria  
Eterna mas perdida e não sabemos  
Se é pasado ou futuro onde a perdemos.*  
SOPHIA DE MELLO BREYNER

No noso deserto non hai area.  
Hai, pola contra, rapaciños que atravesan  
o valado metálico e xogan  
ao fútbol na autoestrada.

No noso mar non hai auga.  
As ondas eran mil cabalos azuis.  
Un día leváronos  
con mil soldados.

No noso deserto non hai area.  
Pero hai unha muralla xigante que,  
aínda que non podemos vela,  
nos arrodea dende moi preto.

No noso mar non hai auga,  
nin estela do pasado.  
Os futuros descansan na praia  
preñados de bágoas e espellos rotos.

No noso deserto non hai auga.  
No noso mar non hai area.

## SOLDADU MONGOLIARRAK

Bigarren Mundu Gerra bukatzeaz. Italia.  
Soldadu mongoliarrak  
bi aldeetan borrokatu ziren:  
sobietarrekin hasi, gero alemaniarrek preso hartu  
eta hauen armadan sartzera behartu zituzten.  
Orain alemaniarrek atzera egitean  
abandonatu egin dituzte mongoliarrak.  
Etsiak hartuta, kamioi baten jabe egin dira.  
Biharamuneko ihesari adorez ekin baino lehen  
erabaki dute apirileko gau epela profitatzea.

Ez da erraza izango sorterrira itzultzea  
kontinentean barrera. Ezinezkoa ia.  
Jopu dira galtzaileentzat,  
traidore irabazleentzat.  
Ebatsitako likore botiletatik dzanga eginez  
kantuan aritu dira gau osoan.

Goizalban kamioia abantean jarri,  
atzealdera igo eta  
Po ibaira amilarazi dute.

Han ito dira denak.

## OS SOLDADOS MONGOIS

Finais da Segunda Guerra Mundial. Italia.  
Os soldados mongois  
pelexaron nos dous bandos:  
empezaron cos soviéticos, despois os alemáns apresáronos  
e obrigáronos a entrar na súa armada.  
Agora, ao retirarse, os alemáns  
abandonan aos mongois.  
Desesperados, colleron un camión.  
Antes de emprender a fuxida con valentía ao día seguinte  
deciden aproveitar a morna noite de abril.

Non será doado regresar á súa terra  
a través do continente. Case imposible.  
Son escravos para os perdedores,  
traidores para os que gañaron.  
Bebendo licores roubados  
botan a noite cantando.

Ao mencer, poñen o camión en marcha,  
soben atrás e  
fano caer ao río Po.

Alí afogan todos.

## BIDAIA KAIERA: BHUTAN

Abiturik iritsi dira turistak bordara.  
Malkartsua da mendi arteko bide luzea.  
Afari beroa paratu die etxeko nagusiak.  
Leihoan ilargi betea, Himalaiako gailur zuriak.

Turistetako batek besteari :  
« Oraindik ez dute jakingo menturaz  
gizakia ilargian egon denik ere”.  
Etxeko nagusiari kontatu dio konkista.

Pentsakor jarri da bhutandarra. Ez du, ordea,  
harridura eta miresmen keinurik adierazi.

Apal ihardetsi die begibitartea zimurtuz:  
“Eta zenbat sherpa behar izan zituzten  
ura hara goraino eramateko?”.

## CADERNO DE VIAXE: BUTÁN

Os turistas chegaron esgotados ao refuxio.  
O longo camiño entre montañas foi duro.  
O señor da casa prepáralles unha cea quente.  
Na fiestra, lúa chea, os brancos cumes do Himalaia.

Un turista dille ao outro:  
“Se cadra nin saben aínda  
que o home estivo na lúa”.  
Cóntalle a conquista ao señor da casa.

O butanés queda pensativo. Con todo,  
non amosa abraio nin admiración.

Replica, humilde, enrugando o cello:  
“E cantos sherpas cumpriron  
para levar a auga ata aló enriba?”

## EZIN ESAN

Ezin da esan Libertatea, ezin da esan Berdintasuna,  
ezin da esan Anaitasuna, ezin esan.  
Ez zuhaitz ez erreka ez bihotz.  
Ahaztu egin da antzinako legea.

Uholak eraman du hitzen eta gauzen arteko zubia.  
Ezin zaio esan tiranoak erabaki irizten dionari heriotz.  
Ezin da esan norbait falta dugunean,  
oroitzapen txikienak odolusten gaituenean.

Inperfektua da hizkuntza, higatu egin dira zeinuak  
errotarri zaharrak bezala, ibiliaren ibiliz. Horregatik,

ezin da esan Maitasuna, ezin da esan Edertasuna,  
ezin da esan Elkartasuna, ezin esan.  
Ez zuhaitz ez erreka ez bihotz.  
Ahaztu egin da antzinako legea.

Alabaina "ene maitea" zure ahotik entzutean  
aitor dut zirrara eragiten didala,  
dela egia, dela gezurra.



## *NON SE PODE DICIR*

Non se pode dicir Liberdade, non se pode dicir Igualdade,  
non se pode dicir Fraternidade, non se pode.  
Nin árbore nin río nin corazón.  
A lei antiga foi esquecida.

A enchente levou a ponte entre as palabras e as cousas.  
Non se pode chamar morte ao que o tirano considera decisión.  
Non se pode dicir que nos falta alguén,  
cando o máis mínimo recordo nos desangra.

A lingua é imperfecta, gastáronse os signos  
coma a vella pedra de muíño, de tanto virar. Por iso,

non se pode dicir Amor, non se pode dicir Beleza,  
non se pode dicir Soidade, non se pode.  
Nin árbore nin río nin corazón.  
A lei antiga foi esquecida.

Con todo, cando me dis “meu amor”  
recoñezo que sinto un calafrío,  
sexa verdade ou mentira.

## ARROTZA

Ez dakit noiztik izan zen, ezin dut esan.  
Duela hilabete bat jabetu nintzen eta  
gauero gertatu zen geroztik.

Kontu handiz egiten nituen egiteko denak,  
Autoa ohiko toki seguruan utzi,  
ateak ondo itxita zeudela ziurtatu. Baina alferrik.

Biharamunean zabalik aurkituko nuen.  
Hasieran autoa beste auzo batzuetan  
uztea deliberatu nuen. Alferrik.

Zabalik aurkitzen nuen. Agi denean,  
norbaitek lo egiten zuen barruan.  
Eta haren usainarekin joaten nintzen lanera.

Gero pentsatu nuen, lo besterik egiten ez bazuen  
ez zela hainbesterako. Azken batean,  
ez zuen autoa lapurtzen. Areago,

atsegin zitzaidan urruneko lurrin hura.  
Nongoa ote zen galdetzen nion neure buruari,  
nolakoa, beltza ala ezti kolorekoa.

Lore bat utzi nion behin. Hartu egin zuen.  
Hurrengo egunean, mezu bat utzi nion.  
Alferrik. Ez da geroztik agertu.

## O ESTRANHO

Non sei dende cando foi, non sabería dicir.  
Decateime hai un mes e  
aconteceu cada noite dende aquela.

Fixen todo o necesario con coidado,  
deixar o coche no sitio seguro de costume,  
asegurarme de que as portas quedaban ben pechadas. Pero en van.

Ao día seguinte atopáíao aberto.  
Ao primeiro decidín deixar o coche  
noutros barrios. En van.

Atopábao aberto. Seica  
alguén durmía dentro.  
E eu ía traballar co seu olor.

Logo pensei, se non facía máis ca durmir  
non era tanta cousa. Ao cabo,  
non roubaba no coche. É máis,

gustábame aquel perfume de lonxe.  
Preguntábame a min mesmo de onde sería,  
pola cor da súa pel, negra ou da cor do mel.

Unha vez deixeiille unha flor. Colleuna.  
Ao día seguinte deixeiille unha mensaxe.  
En van. Non volveu aparecer.

## PAGOA

Altzoko Imazek pagoa landatu zuen  
Basaitz mendian, andrea ezagututako urtean.

Bizitza osoan arretaz egin zion kontu,  
gerrikoarekin neurria hartuz lantzean-lantzean.

Pello Errotaren esanetan bertso jartzen puntakoetarik,  
andrea baino 25 egun lehenago zendu zen, 1893an.

Pagoari zabalera hartzeko, gaur egun  
bost metroko gerrikoa beharko luke agian

## A FAIA

Imaz, de Alzo, plantou unha faia  
no monto Basaitz, o ano que coñeceu a súa muller.

Coidouna con atención durante toda a vida,  
medíndoa co cinto de cando en vez.

Un dos mellores escribindo bertsos\* segundo Pello Errota,  
morreu 25 días antes cá súa muller, en 1893.

Para abranguer o contorno da faia, hoxe en día  
precisaría un cinto de cinco metros se cadra.

\* Forma da literatura basca baseada na improvisación de rimas cantadas ao son da música. A súa expresión máis habitual é baixo a forma dun enfrontamento entre dous *bertsolaris*, existindo campionatos e competicións de grande popularidade. Aínda que o seu cultivo foi tradicionalmente oral, no século XIX comezaron a circular tamén manifestacións escritas".